



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Pasei pola túa porta
erghín os ollos e vin
un letreiro que decía:
“Eu para ti non nacín.”

Eu como sabía ler
quitei un e puxen outro:
“Ti para min non naceches
e eu para ti tampouco.”

Si queres vir para dentro
ven por aquela ventana,
eu a porta non cha abro
qu’agora xa vou na cama.

Pola ventana non vou
que podo ser descuberto
para pasado mañán
déixam’o pexigh’aberto.

Para pasado mañán
ven pola porta da eira
agora mudei a cama
pa debaixo da escaleira.

A tu puerta estamos tres,
todos los tres te queremos
‘scolle moza en cual quixeras
los otros caminaremos.

Ghuapo que estás a la puerta,
para ti no hai nada dentro,
paséate por la calle,
mira donde viene el viento.

Tiéneste por moita moza
de veras, moito te enghañas
eres un cobo d’abellas
todo cuberto d’arañas.



Ghuapo da monteira nova,
vai polo mundo que é largho
que meu pai é labrador
non quero xenro fidalgho.

Veñ'aquí non veñ'a nada
veño por saber, rapaza,
onde té-la túa cama.

A miña cama, ghalán,
non che dea por ela
inda ti non e-lo ghuapo
qu'esta noite dormes nela.

Se non che dormo na túa
non che m'ha de faltar outra
que tenga moita máis palla
y tenga moita máis roupa.

- Noutro tempo había palla nas camas, aghora non a hai.